Terceiro: Unha vez emitido o informe de secretaría ao que se refire o punto anterior, notificar o presente acordo á empresa AUGASERVI, SL poñendo á súa disposición toda a documentación que obra no expediente para que no prazo de 10 días hábiles poida formular as alegacións que estime oportunas.

Cuarto: Recibidas as alegacións da empresa AUGASERVI, SL, solicitar ao Consello Consultivo de Galicia que, por vía de urxencia vendo a situación dos impagos que está a sufrir o Concello de Cambre así como a xeración de intereses que esta demora nos pagos están sufrindo as arcas públicas, ao abeiro do artigo 106 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a emisión do dictame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI S.L.

A solicitude de ditame comunicárase á empresa AUGASERVI, SL para que poida comparecer, se así o estima pertinente, perante o Consello Consultivo. “

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia da irregular situación na que se atopa a prestación do servizo de abastecemento de auga, xa que a empresa que ven xestionando o dito servizo público non foi seleccionada previa a correspondente licitación, o que supón unha contradición co principio de legalidade no ámbito da contratación pública, que esixe a tramitación dun procedemento coas debidas garantías que aseguren a participación dos posibles licitadores e o acerto da Administración Pública.

O contrato suscrito en data 21 de febreiro do 2005 (que tamén o foi sen unha previa licitación, xa que se tramitou como procedemento negociado sen publicidade)- e sen entrar no exame da adecuación á legalidade do mesmo- expirou polo transcurso do seu prazo máximo en data 21 de agosto de dito ano, e se ben por escrito do concelleiro delegado da área de Infraestruturas, Transportes, Seguridade Cidadá e Protección Civil de data 12 de agosto do 2005 comunicouse á empresa que debería continuar a prestación do servizo, dita comunicación só podería considerarse válida como unha medida de carácter temporal e limitada no tempo ao estritamente necesario para adxudicar o novo contrato, pois a continuidade non pode ser de mero pretexto para dar cobertura xurídica a unha situación irregular e meramente transitoria que se prolongue no tempo. Nembargantes, dende dita data (hai máis de 18 anos) o Concello non licitou a xestión do servizo, o que supón unha lesión grave dos principios básicos que rexen a contratación pública.

É por iso que cómpre informar da necesidade de regularizar a situación, debendo o Concello licitar sen dilación a contratación do servizo en aras de evitar as responsabilidades que poidan derivarse do feito de manter a prestación sen licitar durante máis de 18 anos coa conseguinte infracción grave do ordenamento xurídico, cunha flagrante erosión dos principios básicos que rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.

Independentemente do anterior, o feito é que nos atopamos, polo tanto, cunha situación que non se adecúa á legalidade vixente, pero onde existen feitos que acreditan a existencia dun acordo de vontades:

- Existe consentimento das partes: a pesar de que o período contractual rematou, a empresa AUGASERVI, S.L. continuou a prestar un servizo de tracto sucesivo enmarcado nas competencias municipais. O Concello de Cambre, a través do concelleiro/a delegado e/ou Alcalde, deu a conformidade ás facturas emitidas.

- Existe un obxecto certo que é materia de contrato e que se identifica coa prestación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro.

- Causa da obriga que se estableza: o Concello de Cambre veu recibindo un servizo de tracto sucesivo enmarcado nas competencias municipais e a empresa AUGASERVI, S.L. veu percibindo unha remuneración pola prestación do citado servizo tal e como acreditan os pagos que, con respecto a períodos anteriores, constan na contabilidade municipal, segundo consta en diversos informes da intervención municipal.

Segundo.- Sobre a esencialidade que caracteriza o servizo de augas e a rede de sumidoiros municipal como fundamento da potestade da administración de ordenar a continuidade na prestación do servizo.

O artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que "os municipios por si ou asociados deberán prestar, en todo caso, os servizos mínimos seguintes":

a) En todos os Municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas".

En relación á esencialidade do servizo de suministro de auga e a correlativa obriga da administración local de garantir o mesmo á cidadanía, resulta preciso tomar en consideración o criterio do Tribunal Supremo que en Sentenza do 22 de setembro de 2004, RJ 6247, sinala:

" (...) el derecho a obtener suministro de agua potable a domicilio que asiste a todos los vecinos de un municipio no puede ponerse en tela de juicio, y en principio el artículo 26.1.a) de la Ley de Bases impone al Municipio correspondiente el deber de satisfacerlo a su vez encontraba amparo legal en el principio de continuidad en la prestación del servicio, que ha sido sucesivamente salvaguardo, mediante diferentes figuras, en las diversas leyes de contratos, entre ellas, en la ley 13/1995, artículo 162, apartado a). También en el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, aprobado por Decreto de 17 de junio de 1955, que en su artículo 128 impone como obligación general del concesionario "prestar el servicio del modo dispuesto en la concesión u ordenado posteriormente por la Corporación concedente..."

Conforme sinalou a Xunta Consultiva de contratación do Estado en informes como o do 10 de decembro de 2018 (expediente 37/16), os contratos públicos están investidos dunha característica especial como é o feito de servir á consecución dun interese público. Esta circunstancia é particularmente relevante e intensa no suposto dos contratos de xestión de servizos públicos.

Este principio ten reflexo especificamente no contrato de concesión de servizos, de forma que ao regular as obrigacións do concesionario no artigo 288 da LCSP, especifícase que deberá "a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito para utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas."

Con todo, a desaparición xurídica do contrato de xestión de servizos públicos suxeito á lexislación anterior non fai desaparecer integramente a posibilidade de mantemento da prestación. O principio de continuidade do servizo foi consagrado expresamente entre as obrigas do concesionario nas sucesivas leis de contratos (161.a) do TRLCAP, 256.a) da LCSP de 2007 ou 280.a) do TRLCSP), e ao seu teor admítase a posibilidade de que se ordene que continúe da prestación con posterioridade á terminación do contrato. Tal posibilidade resulta así mesmo do establecido no artigo 128.1.1ª do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, a teor do cal entre as obrigas do concesionario atópase a de:

"1.ª Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, mesmo no caso de que circunstancias sobrevindas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen máis interrupcións que as que se produciron no suposto de xestión directa municipal ou provincial."

En definitiva, tal posibilidade deriva directamente das necesidades de interese público que o servizo atende e dos posibles prexuízos que a súa desaparición podería ocasionar e que, compre subliñar, unicamente é aplicable ao contrato de xestión de servizos público, e non ao contrato de servizos.

Sobre a base deste principio xustificouse a prolongación da prestación do servizo público en situacións como a que nos ocupa, posibilidade que certamente foi avalada pola xurisprudencia. Así, o Tribunal Supremo en Sentenza do 18 de novembro de 1986, reiterando o sinalado na Sentenza do 22 de marzo de 1985, sinala:

" (...) no se está ante un caso de prórroga expresa o tácita del contrato con plena aplicación de la cláusula 9.ª que excluye la revisión, sino ante una situación excepcional en que, denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al

nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público (...)"

Conforme sinálase no considerando 15 dá denominada "directiva da auga" - Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas- "o abastecemento de auga é un servizo de interese xeral, tal como defínese na Comunicación da Comisión "Os servizos de interese xeral en Europa". É polo tanto, a esencialidade de dito servizo, considerado de interese xeral, o que xustifica e fundamenta a potestade exorbitante atribuída á administración, pois como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo do 22 de febreiro de 1982 " ...la continuidad en la prestación del servicio es la nota esencial de todo servicio público y, por lo tanto, un principio inmanente en la naturaleza de la institución..."

A continuación do concesionario na prestación do servizo máis aló do prazo fixado no correspondente contrato, prórrogas contractuais incluídas, é nos contratos de xestión de servizo público (hoxe concesión de servizos) unha imposición de obrigas de servizo público da Administración aos concesionarios, e unha das manifestacións do "factum principis", ata tanto o novo prestador do servizo faise cargo do mesmo. Trátase así, dunha potestade fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, no período de "interin" existente entre finalización e adxudicación do novo contrato - como determina a Sentenza do Tribunal Supremo de data 18.11.1986- non é propiamente unha prórroga (expresa ou tácita), senón ante unha situación excepcional que require a continuidade do servizo por razóns de interese público.

Compre lembrar aquí o sinalado polo Tribunal Supremo na sentenza de data 22 de febreiro de 1982 que con meridiana claridade sinala:

"...CDO.: Que un factor importante que todo particular que contrate con la Administración no debe perder de vista, es el de que, aún en el terreno contractual, la misma no se ve desposeída de su posición de supremacía respecto del administrado; supremacía justificada -que por eso existe- no para sí, sino para por medio de ella asegurar la realización de las obras paccionadas y la prestación de los servicios; especialmente, en cuanto a estos, ante situaciones de mal entendimiento, la regla interpretativa tenderá siempre a asegurar el buen funcionamiento del servicio, y la prestación del mismo de forma regular y continua, hasta el extremo de que estas notas forman parte de muchas de las definiciones doctrinales que se han dado de esta institución, sobre todo en la de un célebre y de todos conocido autor galo.

CDO.: Que lo dicho se traduce en la práctica en que, en la concesión, o en el arrendamiento de un servicio público, por poco relevante que éste sea, toda la construcción del régimen está hecha con miras a asegurar su buen, regular y continuo funcionamiento; de ahí que el atentado más grave sea su interrupción, y, además, su interrupción unilateral hecha por el particular, aún en el supuesto de que éste tenga motivos de quejas o incluso de agravios por la conducta seguida por el ente público contratante, bastando para convencerse de lo dicho, con repasar los reglamentos de contratación y de servicios de las Corporaciones locales..."

En definitiva, a continuidade do servizo obxecto dun contrato de xestión de servizos públicos, establecida por motivos de interese público atópase expresamente prevista no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais¹, sendo ademais admitida xurisprudencialmente cóas cautelas e límites que vertebran tal medida excepcional, sen que poda transgredirse o límite infranqueable imposto polo necesario respecto á causa que motiva á adopción dunha medida deste calado, adolecendo de invalidez aqueles acordos, decisións ou medidas cuxa execución ou prolongación no tempo implique a desnaturalización da causa ou do fin perseguido co exercicio de dita potestade exorbitante. No suposto examinado, é certo que a continuación na xestión do servizo de augas e sumidoiros que vén realizando Augaservi S.L, non se sustentaría nunha sorte de prórroga tácita do mesmo prohibida expresamente pola normativa vixente; A relación inicialmente xurdiu do exercicio dunha potestade unilateral da Administración, orientada a garantir a prestación de servizos esenciais.

A medida adoptada (orde de continuidade) non pode servir como un mero pretexto para dar cobertura xurídica a unha situación irregular e meramente transitoria que se prolongue indefinidamente no tempo. Xa que logo esta práctica debe limitarse no tempo ao estritamente imprescindible, ao constituír unha infracción da regulación dos contratos públicos que non pode aceptarse e que só pode xustificarse por razóns ineludibles de interese público. Trátase, en definitiva, dunha medida excepcional, de carácter estritamente provisional e limitada, da vixencia do contrato anterior, de modo que se garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, pero en modo algún permite que, como no suposto examinado, se prolongue no tempo sen convocar unha licitación pública, pois con elo se erosionan principios básicos da contratación pública citados no fundamento anterior.

Conforme sinala a Sra. Secretaria Xeral no informe emitido en data 27.02.2024 (CVD: 38vq2PmkEkkq/Zs4rkRW) "(...) atopámonos cunha orde de continuidade na xestión do servizo público que, lonxe de ser unha medida excepcional e temporal, mantense durante máis de 18 anos superando con moito o prazo de duración do contrato suscrito no ano 2005 (que se fixaba en seis meses) sen que o Concello durante este tempo licitase o servizo . Esta permanencia ou continuidade de dita orde ao longo destes 18 anos é o que determina, a xuízo da que subscribe, que se produciu unha tácita e nova adxudicación ao mesmo contratista con ausencia das directrices, principios e criterios establecidos na normativa comunitaria europea e que hoxe se

recollen na LCSP, e iso por canto a comunicación de continuidade, deveu ineficaz por perda da súa causa , porque os actos administrativos deben server ao fin en consideración do cal a norma configura a potestade que o acto exercita, polo que se desaparece unha das condicións esixidas polo ordenamento xurídico (neste caso , a temporalidade limitada), desaparece a causa e polo tanto o acto deixa de ser eficaz por aplicación do principio cesante causa cessat effectus , xa que non pode considerarse unha medida temporal indefinida. Do contrario, desnaturalizárase a causa e fin da potestade. Xa que logo, non existe cobertura legal que ampare a situación actual da prestación do servizo, polo que entende a que subscribe que se trata dunha contratación verbal . (...)

(...) Non se trata, polo tanto, da continuidade dun contrato xa extinguido , senón da continuidade na prestación do servizo una vez extinguido o contrato a través dunha nova adjudicación tácita (verbal) ditada prescindido de todos os trámites legais esixidos e cunha clara erosión aos principios que deben rexer a contratación pública de libre concorrència, publicidade, igualdade e transparencia. Estaríamos, polo tanto, ante a adjudicación verbal dun contrato anteriormente extinguido sen suxeición a procedemento algún ante o que cabe lembrar que o artigo 37 da LCSP proscribe a contratación verbal. (...)"

Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta consultiva de contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación (Alcaldía ou Pleno de acordo coa distribución legal de competencias) e nun concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, outorga unha gran importancia no seu artigo 28.4 como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual.

Ditas solucións non pasan en ningún caso por atribuír ultractividade a calquera cláusula contractual máis aló da duración máxima do contrato, senón por unha nova licitación moi áxil co remate de permitir a continuidade na prestación do servizo. Polo que debe remarcar, que a Administración está obrigada a incoar inmediatamente o procedemento de licitación do contrato publico.

Segundo.- Sobre o procedemento a seguir en relación á comunicación presentada o día 5 de febreiro de 2024 por D^a Elena Diaz Valverde en representación da entidade "Augaservi S.L" unha vez incoado o expediente de revisión de oficio.

No suposto examinado, atendo aos termos do escrito presentado pola representación de "Augaservi S.L" a finalización do servizo que ven prestando dita entidade trae causa -segundo se indica na comunicación de data 5 de febreiro de 2024- no incumprimento por parte da administración da obriga de pago da prestación do servizo ao amparo do disposto na Lei de contratos do sector público alegando, noemadamente, que produciuse "el incumplimiento de pago de la prestación del servicio durante más de seis meses". Pois ben, tal pretensión resolutoria, non pode ser obxecto de execución unilateral por parte da adjudicataria, impondo a administración una decisión ao marxe dos prazos e procedementos legalmente establecidos.

Así, sen perxuízo da análise do procedemento que se realizará a continuación, tal pretensión resolutoria, non pode ser obxecto de execución unilateral por parte da adjudicataria, impondo a administración una decisión ao marxe dos prazos e procedementos legalmente establecidos.

En consecuencia, compre advertir, que a manifestación de vontade formalizada por Augaservi S.L carece de efectos por si mesma para deixar de prestar o servizo, pois, sen perxuízo de que dita decisión puidese ter fundamento nunha hipotética concorrència de causa de resolución, dita entidade non pode acordar e impoñer unha ruptura automática do vínculo existente entra as partes. Antes ao contrario, dita vontade non só non resulta suficiente para liberarse das obrigas asumidas como entidade xestora dun servizo público, senón que debe continuar na prestación do mesmo como mínimo en tanto en canto no sexa adoptado acordo que resolva o procedemento de revisión de oficio incoado. A tal conclusión chega a que subscribe en atención ao seguinte :

En primeiro lugar, a resolución dun contrato é conceptualizada -pola doutrina e xurisprudencia- coma un mecanismo de resolución anticipada, e -en consecuencia- a articulación de dito mecanismo unicamente resultaría procedente no suposto de que non se producise a extinción do contrato por outras causas. Así, considerando que, no caso que nos ocupa, xa foi iniciado o procedemento de revisión de oficio do contrato verbal no eido do cal Augaservi S.L veu xestionando o servizo municipal de auga e rede de sumidoiros do Concello de Cambre, a resolución contractual instada por dita entidade non resultaría o mecanismo axeitado aos fins pretendidos por esta (e que, non é outro, que finalizar na prestación do servizo que ven executando dende hai máis de 18 anos). En apoio desta opinión, cabe salientar a doutrina do Consello de Estado exposta, entre outros, no seu ditame número 614/94, do 3 de xuño, no que entendeu que non procedía resolver por incumprimento en 1994 un contrato de mantemento de xardíns cuxo prazo de execución rematara en 1991. Nesa ocasión, considerouse máis correcto resolver o asunto como unha liquidación dun contrato -no suposto examinado polo órgano consultivo - xa extinguido.

En todo caso, cabe recordar que, se ben tanto a vixente a Lei de contratos do sector público, como sus predecesoras, estableceron que os contratos extinguiranse polo seu cumprimento ou por resolución, tamén e preciso salientar que os contratos extínguense igualmente en virtude da anulación declarada pola invalidez ou nulidade dos mesmos, así o sinalaron -entre outros- Eduardo García de Enterría o Santiago Muñoz Machado.

Pois ben, é doutrina do Consello de Estado que, con carácter xeral, en caso de concorrència de varias causas de resolución dun contrato administrativo debe aplicarse -de maneira preferente- a causa que se produciu antes no tempo (Ditames 717/1991, 718/1991 e 719/1991, do 20 de xuño de 1991, 1656/1992, do 27 de xaneiro de 1993, 712/1994, do 23 de xuño de

1994, 740/1995 e 741/1995, do 25 de maio de 1995, e 2230/2004, do 14 de outubro), polo tanto, con maior motivo resultará procedente atender a dito criterio nos supostos nos que cabe apreciar a concorrencia, non xa dunha causa de resolución, senón dunha causa de nulidade que, ademais, produciuse con anterioridade dende un punto de vista cronolóxico.

Considerando os antecedentes expostos, e toda vez foi iniciado procedemento de revisión de oficio, cuxo obxecto é determinar se concorre causa que permita declarar a nulidade da contratación verbal da xestión do servizo público que ven prestando Augaservi S.L., resulta preciso proceder a realizar os trámites necesarios ao fin de tomar coñecemento do estado actual no que se atopan as obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros, pois tal coñecemento resulta esencial a fin de poder proceder á liquidación do citado contrato que -ben por concorrer causa de nulidade², ben por terse producido causa de resolución- necesariamente haberá de realizarse.

Neste eido, en modo algún cabe obviar que, a liquidación dos contratos públicos, a falta de regulación legal, veuse considerando pola xurisprudencia como unha operación matemática para determinar o saldo a favor ou en contra das partes que non ten o carácter de verdadeiro procedemento. Esta doutrina é a reflectida na sentenza do TSJ de Andalucía casada polo Tribunal Supremo, así como no Acordo de Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Iles Illes Balears do 20 de febreiro de 2014 e tamén na sentenza da Audiencia Nacional do 25 de outubro de 2019 (recurso núm. 34/2019). En consecuencia, a realización de ditas operacións -necesarias para proceder á liquidación do contrato- require dun previo análise da situación actual do servizo, a cuxo fin resulta procedente designar como interventor técnico ao Xefe da sección de servizos³ -D. Oscar Souto Muiño- ao obxecto de que informe sobre o estado das mesmas e, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir so fin ao que están destinadas.

Sen perxuízo do sinalado, compre advertir ademais que o parágrafo 3º do artigo 42 da Lei 9/2017 de Contratos do sector público determina de xeito expreso que "Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato produciuse un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo". En consecuencia, se a lexislación prevé expresamente a posibilidade de acordar a continuidade da prestación dun servizo cuxa execución se fundamenta nun contrato declarado nulo, con máis motivo resultará acorde á legalidade impoñer tal continuidade no suposto no que se inicia o procedemento de revisión e non se prodúcese tal declaración administrativa de nulidade. Se ben o desenvolvemento da prestación durante o período de interinidade, debería axustarse, na medida do posible, ás condicións e termos nos que vense prestando (pois trátase de dar continuidade a un servizo que xa viña executando).

Considerando os antecedentes expostos, compre concluír que o inicio do procedemento de revisión de oficio, en modo algún pode determinar que o servizo deixe de ser prestado. Antes ao contrario, o procedemento iniciado non impide ao órgano competente (no suposto que nos ocupa atendendo á duración durante a que se ven prolongando a xestión do servizo público e ao valor do mesmo compre considerar competente ao Pleno da corporación) adoptar as decisións que sexan precisas ao fin de garantir salvagarda do interese público implicado no mantemento do contrato, xa que -sen perxuízo da concorrencia ou non dos motivos que non seu caso xustificarian a decisión comunicada por Augaservi S.L.- unha manifestación de vontade desta natureza implicaría de executarse, un abandono do servizo pola mercantil, e polo tanto dito incumprimento xeraría un perxuízo ao interese xeral que podería dar lugar á exigencia das responsabilidades - e, en consecuencia, das indemnizacións procedentes á dita entidade.

En todo caso, procede advertir que a continuidade do servizo adopción do acordo de inicio do procedemento polo órgano competente (no suposto que nos ocupa atendendo á duración durante a que se ven prolongando a xestión do servizo público e ao valor do mesmo compre considerar competente ao Pleno da corporación); deberá prolongarse o tempo estritamente indispensable para proceder a tramitación e conclusión do procedemento de revisión de oficio iniciado e coa correspondente contraprestación á entidade mercantil que desenvolve o mesmo durante dito período. Elo sen perxuízo das responsabilidades na que se poda ter incorrido pola inactividade da administración que, ao prolongarse durante máis de 18 anos, redundou en que unha medida excepcional -e en esencia temporal- careza de cobertura legal ao devir en indefinida.

En definitiva, tanto o expediente de revisión de oficio iniciado como a resolución propugnada por Augaservi S.L., en tanto en canto implicarían a extinción da xestión dun servizo público que esta ven prestando, determina que sexa imprescindible proceder á escrupulosa observancia dos requisitos de fondo e forma establecidos nas disposicións legais sinaladas, normativa esta que -como xa foi exposto- desapodera en gran medida ás partes da facultade de acudir de xeito unilateral a estes medios de extinción remate da relación existente entre ambas.

Polo exposto, atendendo aos antecedentes expostos, os preceptos citados, e demais normativa de pertinente e xeral aplicación, a técnica que subscribe, formula as seguintes

CONCLUSIÓNS:

Vista a resolución de Alcaldía num. 203/2024 en virtude da cal acordouse incoar expediente de revisión de oficio en relación co servizo de xestión do servizo municipal de auga e sumidoiros prestado pola entidade Augaservi S.L., debe procederse a supervisar as obras e instalacións que serven a dito servizo público ao obxecto de poder realizar á liquidación pertinente, a cuxo efecto deberase designar como interventor técnico ao Xefe da sección de servizos - D. Oscar Souto Muiño- quen deberá emitir informe sobre o estado das mesmas e, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir ao fin ao que están destinadas.

De conformidade cos fundamentos xurídicos sinalados nas consideracións previamente realizadas neste informe, deberase comunicar á “Augaservi S.L” que coa incoación do procedemento de revisión de oficio da contratación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro considerase iniciado o procedemento de extinción do contrato, sen perxuízo do cal, ao tratarse dun servizo público esencial cuxa prestación non pode interromperse, dita mercantil ven obrigada a continuar prestando o servizo en tanto no sexa adoptado acordo polo que sexa resolto o procedemento de revisión de oficio iniciado, e a resultados do que no mesmo se determine, ao tratarse dun servizo público esencial cuxa prestación non pode verse interrompida, e sen perxuízo da compensación económica que corresponda abonar á citada entidade pola xestión de dito servizo público durante o citado período, significándolle que, durante o tempo que teña lugar dita continuidade, a prestación do servizo de deberá realizarse de acordo coas condicións na que se viña prestando.

Notificar a adopción dos acordos adoptados a Augaservi S.L e a D. Oscar Souto Muiño indicándolles que contra o acordado en relación a conclusión plasmada no parágrafo primeiro -de acordo cos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015- por tratarse de actos de trámite, non cabe recurso contra o mesmo, sen perxuízo do cal, e de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 39/2015, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia poderá aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo e, en todo momento, poderán alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser subsanados antes da resolución definitiva do asunto.

Contra o acordado en relación a conclusión plasmada parágrafo segundo, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interponerse potestativamente recurso de reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

En todo caso, conforme foi exposto no fundamento xurídico primeiro, debe procederse sen mais dilación a licitar o contrato de servizo municipal de auga e rede de sumidoiros do Concello de Cambre polos procedementos legalmente establecidos, a fin de cesar na prestación irregular que se ven producindo durante máis de 18 anos, decisións estas que, en calquera caso, deberán adoptarse con urxencia.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito.(...)”

1 Compre advertir que non cabe, no caso de contratos de servizos, coa excepción do disposto no artigo 29.4 da LCSP, e coas condicións e limitación e canto a súa duración (9 meses) que es fixan neste precepto legal. Así a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias número 854/2022, de 31 de outubro de 2022 declara a nulidade de pleno dereito da continuidade da prestación do servizo unha vez expirado o contrato, sinalando o seguinte:

“(.....)Sentado lo anterior, hemos de señalar que la Sentencia reconoce como las resoluciones municipales carecen de cobertura jurídica, por lo que son contrarias al ordenamiento jurídico y nulas de pleno derecho, estimando por ello que los Acuerdos de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Oviedo de fechas 28 de enero de 2021 y 30 de septiembre de 2021 que acuerdan la continuidad de la prestación del contrato de servicios, no se encuentran amparadas legalmente, por lo que incurrir en un supuesto de nulidad de pleno derecho conforme a lo dispuesto en el art 47.1 e) de la Ley 39/2015, y ello es así, toda vez que la posibilidad de continuación del contrato tras su extinción no estaba prevista en el Pliego ni en el contrato. El contrato era de servicio público y no de gestión de servicio público; debiendo traerse a colación la Sentencia de 2 junio de 2021 del Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 2 de Logroño, citada por la juzgadora de instancia, en el sentido que el contrato tenía la calificación de contrato administrativo de servicios, conforme al art 10 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, y en este a diferencia de la LCSP de 2017, en su art 29.4 no contemplaba expresamente la posibilidad de ordenar a la empresa adjudicataria de la continuidad de forma transitoria, de la prestación del servicio una vez vencido el plazo de duración de contrato, previo cumplimiento de una serie de requisitos, por la que cualquier prórroga del contrato, expresa tácita o forzada carece de cobertura jurídica, independientemente del consentimiento y conformidad de ambas partes que no pueden actuar contra legem.(.....)”.(o subliñado e negrita é propio).”

Baséase nos fundamentos desta Sentencia do Tribunal superior de Xustiza de Asturias, a sentenza número 27/2023, do xulgado do contencioso administrativo número 5 de Oviedo, de data 16 de febreiro de 2023, que declara nulo o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Oviedo polo que se acordara por razóns de interés público a continuidade da prestación do servizo de recollida de animais errantes e atención do albergue municipal de animais. Así, sinala o seguinte:

“(.....)TERCERO.- En síntesis, los demandantes interesan la nulidad de pleno derecho del acto administrativo impugnado al considerar que supone la adjudicación directa de un contrato público y que se ha prescindido del procedimiento de licitación legalmente establecido en la legislación de contratos públicos. Sostienen también que no cabe una continuidad en el servicio y que el Acuerdo no tiene amparo alguno en el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público. Dicen que tampoco se cumplirían los requisitos del artículo 29 de la vigente Ley de Contratos del Sector

Público y consideran que se vulnera igualmente la Directiva 2014/24/UE, del Parlamento y del consejo, de 26 de febrero de 2014, sobre contratación pública.

El Ayuntamiento de Oviedo niega que exista una adjudicación directa y sostiene que cabe acudir a la fórmula de la "continuidad del servicio" con un carácter excepcional y sólo por el tiempo estrictamente necesario para la culminación de los procedimientos de licitación. Considera que pueden tenerse en consideración las circunstancias imprevisibles a las que se refiere el art. 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, aunque no sea la norma aplicable al contrato.

CUARTO.- En relación con el fondo del asunto no cabe sino acoger los argumentos expuestos por los recurrentes de acuerdo con los criterios expuestos en la sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Asturias de 31 de octubre de 2022, rec. 185/22, (.../....)"

2 En relación aos efectos da declaración de nulidade, o artigo 42 de LCSP/17 indica que o contrato "entrará en fase de liquidación, debendo restituírse as partes reciprocamente as cousas que recibisen en virtude do mesmo e se isto non fose posible, devolverase o seu valor.

3 O citado nomeamento enténdese que debe recaer na persoa que ocupe o posto de Xefe de sección de servizos xa que -atendendo á descrición identificativa do mesmo que obra na Relación de Postos de Traballo desta entidade local- as funcións atribuídas ao mesmo abranguen tanto a responsabilidade do mantemento das infraestruturas urbanísticas de todo tipo e de servizos municipais, como a supervisión dos servizos prestados por empresas para o Concello. "

PROPONE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Comunicar á empresa Augaservi, S.L. que coa incoación do procedemento de revisión de oficio da contratación da xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro considerase iniciado o procedemento de extinción do contrato.

Segundo.- Comunicar a Augaservi, S.L. que, ao tratarse dun servizo público esencial cuxa prestación non pode interromperse, o principio de continuidade do servizo impide un abandono unilateral pola súa parte da prestación do servizo municipal de auga e sumidoiros encomendado, polo que debe continuar a súa prestación nas mesmas condicións nas que o ven facendo en tanto non se resolva o procedemento de revisión de oficio incoado e a resultados do que no mesmo se determine, e se dite acordo expreso de extinción da concesión.

Terceiro.- Aprobar, previo informe da Intervención Municipal, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito por importe de 288.627,94 euros relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa correspondente ao T 2022 e 1 e 2 T 2023, para garantir que se poidan cumprir por parte da empresa co punto segundo deste acordo.

De ser positivo o informe do Consello Consultivo á revisión de oficio, cuxo expediente se está a tramitar, procederase a regularizar a cantidade a aboar polo Concello á empresa ou a reintegrar por parte da empresa ao Concello a cantidade que proceda.

Cuarto.- Designar interventor técnico do servizo ao enxeñeiro de camiños municipal, don Oscar Souto Muíño, ao obxecto de que proceda á supervisión das obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros e emita informe sobre o estado destas, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que, no seu caso, fora necesario realizar para mantelas nas condicións precisas.

Cuarto.- Conceder a audiencia Aguaservi, S.L. polo prazo de dez(10 días)

Quinto.- Notificar este acordo a Augaservi, S.L., e ao enxeñeiro de camiños municipal.

Contra os acordos adoptados nos apartados primeiro, terceiro, cuarto e quinto, por tratarse de actos de trámite-de acordo cos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015- , non procede recurso algún, sen prexuízo das alegacións non cabe recurso contra o mesmo, sen perxuízo do cal, e de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 39/2015, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia poderá aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo e, en todo momento, poderán alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser subsanados antes da resolución definitiva do asunto.

Contra o acordado no apartado segundo a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interponerse potestativamente recurso de reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Consta no expediente documento de retención de crédito nº operación: 17/2024 – 220240000218, asinado pola interventora municipal en data 1 de marzo de 2024 (CVD: lq1rMlwuH9xHfafjTJ1V) no que, entre outras cousas, se sinala:

«(.../...)Reparo de Interventor (LUCIA MATA RODRIGUEZ) en nome de Xestor de Intervención: ADVIERTO que con carácter previo a la aprobación del gasto se debe sustanciar el expediente de revisión de oficio para declarar la nulidad de la contratación verbal iniciado por resolución de alcaldía núm. 203/2024, de 22 de febrero (PjAUznP0YTvOqD7qjJ0e) y que en la actualidad está en fase de alegaciones. Igualmente ADVIERTO que de declararse la nulidad, el importe a percibir por la empresa lo será en concepto de indemnización siendo que la fijación de ésta deberá realizarse siguiendo un procedimiento contradictorio el cual puede concluir la improcedencia de abonar conceptos tales como el beneficio industrial.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Antes de iniciarse o debate intervén a Sra. interventora municipal e manifesta que, co permiso do Sr. alcalde, quería pedir a palabra para asesorar á Corporación.

Intervén o Sr. alcalde e di que non, que non llo dá.

A continuación, interveñen a concelleira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta, e o alcalde, Sr. García Patiño.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 1 de marzo de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Tres (3), dos/a Sres./a: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández.

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 1 de marzo de 2024 (CVD: jmLRfGw27EZn4CVnab7s), polo que devén en acordo nos termos transcritos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O presidente
(*asinado dixitalmente*)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral
(*asinado dixitalmente*)

Pilar María Pastor Novo